

## Relación de causas de exclusión.

COD. CAUSA	CAUSA EXCLUSION
10	FORA DE PRAZO
14	NON SOLICITOU NINGUN POSTO NA FASE INICIAL
15	EXCLUIDO PARA TODOS OS POSTOS SOLICITADOS NA FASE INICIAL
17	EXCLUIDA FASE DE RESULTAS. NON CUMPRE PUNTO L5 DO BAREMO
24	NON ESTAR ASINADA A TOTALIDADE DA CERTIFICACION ANEXO III
28	EMENDAS, RISCADURAS...
33	INSTANCIA INCORRECTA
41	NON CUMPRE REQUISITOS BASE I.1
49	RENUNCIA
50	RENUNCIA POR OBTEN OUTRO DESTINO POR CONVOCATORIA PUBLICA
53	NON PRESENTAR O CERTIFICADO (ANEXO III)
54	FASE DE RESULTAS: FALTA SINATURA, EMENDAS, RISCADURAS...

*Resolución do 12 de abril de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso ao corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), convocado pola Orde do 28 de xuño de 2004 pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.*

En sesión que tivo lugar o día 12 de abril de 2005, o tribunal designado pola Orde do 5 de abril de 2005 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia, acordou, de conformidade co disposto na base III.5 da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición se realice o día 30 de abril de 2005, no recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda (Pontevedra), en chamamento único, que se iniciará ás 11.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas electrónicas e calquera outro material ou instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2005.

Antonio Roma Valdés  
Presidente do tribunal

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 4 de abril de 2005 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir postos de profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.*

Advertido erro no primeiro anexo da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 68, do 11 de abril, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 5.873, na segunda táboa que ten o cabeceiro «Nº de posto 4. Convenio: CEE Nosa Señora do Rosario na Coruña», a segunda ringleira de prazas que aparece repetida debe suprimirse.

*Resolución do 7 de abril de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fan públicas as listas provisorias de admitidos e excluídos do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades.*

Para dar cumprimento na forma máis adecuada ao disposto na base común 4 da Orde do 7 de febreiro de 2005 (DOG do 14 de febreiro), pola que se convocan probas selectivas para ingreso no corpo de mestres así como a adquisición de novas especialidades, esta dirección xeral resolveu:

Primeiro.-Facer pública no anexo I a relación de aspirantes admitidos que solicitaron tomar parte no mencionado proceso selectivo.

Segundo.-Declarar excluídos, polas causas que se especifican, aos aspirantes que figuran no anexo II.

Terceiro.-Incluír condicionalmente na relación de solicitantes aos candidatos que figuran no anexo III.

Cuarto.-No prazo de dez días naturais a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, os interesados poderán interpoñer as reclamacións previstas no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo co disposto na base común 4, punto 2, da orde de convocatoria.

Quinto.-O feito de figurar na relación de solicitantes non prexulga que se dean por válidas as condicións persoais do interesado que o lexitimen para participar no proceso selectivo, cando da documentación que no seu momento teña que achegar non se deduza de maneira inequívoca o seu dereito a participar nel, conforme as exixencias da convocatoria.

Tal condicionamento faise extensivo incluso á titulación alegada polo interesado na súa solicitude, xa que a Administración neste momento non se pronuncia sobre a súa validez, senón que a súa consignación no modelo de instancia ten un simple valor indicativo; a certificación de estudos que se una a ela admítese, exclusivamente, para os efectos da súa valoración pola comisión na fase de valoración de méritos, polo que o interesado actúa neste proceso selectivo baixo a súa responsabilidade estrita e absoluta.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2005.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Personal